

Margarita Prado Vaamonde.
Directora de RRHH SERGAS.

Jesús Vázquez Almuiña.
Conselleiro de Sanidade.

No ámbito do Foro Marco Para o Diálogo Social estase a abordar unha reforma legislativa mediante unha Proposición de Lei que modificará a normativa actual, para facilitar os postos de traballo de persoal facultativo de difícil cobertura.

A devandita Proposición de Lei recolle as seguintes modificacións:

Modificación da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias nos seus artigos 3 e 4 que regulan os procedementos de acreditación dos centros e unidades docentes, para unha maior celeridade á hora de acreditar as unidades.

Modificación do artigo 33 do Estatuto Marco, engádese un novo artigo 33 bis.

Neste novo artigo recollese que as Comunidades Autónomas e o Instituto de Xestión Sanitaria poderán determinar o tipo de nomeamento, bolsa de emprego, medidas incentivadoras... Tendo en conta a lexislación autonómica o ámbito de negociación é a mesa sectorial do SERGAS.

Son varios os factores que inflúen na dificultade de coberturas de prazas, que non se van solucionar con cambios normativas, sen mellorar as condicións laborais e salariais do persoal facultativo, e sen ter unha regulamentación sobre as condicións laborais das/os titoras/es clínicos.


Ante esta situación, desde CIG-SAÚDE, reiteramos, a nosa petición de crear unha comisión técnica no ámbito da mesa sectorial para abordar todo esta situación. Con posterioridade as propostas da comisión serían ratificadas na mesa sectorial do SERGAS.

A consellaría de Sanidade e o SERGAS non pode seguir negándose a abordar esta negociación coa excusa que xa se está a tratar en Madrid, non poden deixar sen efecto as súas competencias nin a súa responsabilidade nesta materia. Hai CCAA que ademais de abordar este tema no consello interterritorial están a negociar acordos no seu ámbito de negociación.

Agardamos que na próxima reunión de mesa sectorial quede constituída a devandita comisión técnica.

Atentamente.

Compostela, 31 de maio de 2018.

Asdo: 
Secretaría Nacional de CIG-SAÚDE.

Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago

Tfnos: 981 552826
981 564300
662 312958

Fax: 981 571082

Correo-e:
secretarianacional@cig-
saude.info
recutiva@cig-saude.info
laboral@cig-saude.info

Web:
www.cig-saude.info

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 31/05/2018 12:43:05

ENTRADA 11667 / RX 1470269

